

Matrícula

Ata o 30 de xullo de 2008:

- Socios/as de Nova Escola Galega: 30 euros.
- Parados/as: 30 euros (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 60 euros.

A partir do 31 de xullo de 2008:

- Socios/as de Nova Escola Galega: 40 euros.
- Parados/as: 40 euros (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 70 euros.

Forma de pagamento:

Transferencia bancaria a BANESTO, número de conta:
0030 - 6149 - 15 - 0298019273

Aloxamento en Melide

Hostal Sony	981 505 473	21 euros aprox.
Hotel Xaneiro II	981 506 140	21 euros aprox.
Hotel Carlos '96	981 507 633	20 euros aprox.
Parrillada El Molino	981 506 048	22 euros aprox.
Pousada Chiquitín	981 815 333	29 euros aprox.

Organizan:



Colaboran:




Asoc. de Pais de Alumnos
TERRA DE MELIDE



Hotel Balneario Río Pambre



VI XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO



A AUGA: USOS E ABUSOS (II)

Melide, 9, 10 e 11
de setembro de 2008

Contactos:

IES Melide
Dpto. de Ciencias Naturais
O Marquiño, s/n.
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./fax: 981 50 51 62
iesmelide.xornadas@gmail.com

Nova Escola Galega
Apdo. 586
15700 Santiago
Tfno./fax: 981 56 25 77
melide.neg@mundo-r.com
www.nova-escola-galega.org

Xustificación

O ensino non pode ser concibido sen que intente achegar o medio social, natural, económico e cultural á escola. Unha verdadeira escola galega comprometida co seu medio tampouco pode ser concibida sen que procure verdadeiras aprendizaxes significativas a partir do que lle é coñecido ao alumnado.

A partir do ano 2003, Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES Melide propuxeron, nunha convocatoria anual, unhas xornadas de estudo centradas na comarca da Terra de Melide. A convocatoria nacía coa pretensión de ser exemplificadora a respecto de como os educadores e educadoras podemos aproveitar os recursos didácticos que nos ofrece o medio.

Despois de seren exploradas as posibilidades didácticas da Xeoloxía, da Xeomorfoloxía, da Botánica e da Arqueoloxía, a pasada edición das xornadas pretendeu comezar a análise de todo aquilo que, desde a óptica didáctica, nos pode ofrecer a auga. As VI Xornadas Ciencia e Territorio pretenden afondar en aspectos só bosquexados hai agora un ano, precisamente porque o tratamento específico da problemática que xira arredor da auga é especialmente significativa nuns tempos nos que, ademais da existencia dunhas preocupantes circunstancias ambientais no país, semella que comezamos a ser conscientes de que a auga non é un ben inesgotable.

Obxectivos

1. Exemplificar na comarca natural da Terra de Melide as estratexias de integración do ensino no territorio.
2. Investigar, para o seu posterior emprego educativo, particularmente, as posibilidades didácticas que nos ofrece a problemática arredor da auga.
3. Realizar labores de investigación e análise, particularmente en aspectos relacionados coa cartografía e a fotointerpretación.
4. Observar a corrección de impactos ambientais que está a producir unha acción do ser humano pouco atenta á preservación do medio.
5. Inserir o específico traballo (didáctico e investigador) no campo da Hidroloxía, no conxunto de oportunidades educativas que nos ofrece o medio.
6. Divulgar experiencias didácticas relacionadas coa auga levadas a cabo nos centros educativos.

En trámite a homologación da actividade por parte da Consellería de Educación por un total de 24 de formación.

Martes 9 de Setembro

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide

09:30 h. Recepción e entrega de material.

10:00 h. Inauguración oficial.

- Coordinador xeral das Xornadas.
- Directora do IES Melide.
- Inspector de Educación de zona.
- Presidente de Nova Escola Galega.
- Alcaldesa de Melide.

10:30 h. Conferencia 1. *Por unha nova cultura da auga.*

Francisco Javier Martínez Gil.

Catedrático de Hidroxeoloxía, Departamento de Ciencias da Terra.
Universidade de Zaragoza.

12:00 h. Almorzo de benvinda no Café "Vagalume".

12:30 h. Conferencia 2. *Contaminación difusa da auga: o caso dos xurros.*

Avelino Núñez Delgado.

Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola.
Universidade de Santiago.

14:15 h. Xantar no IES Melide.

Tarde. Comarca da Terra de Melide.

16:00 h. Saída de campo.

Visita ás minicentrais de Portodis/Portochao.

Biblioteca Municipal de Melide.

18:30 h. Conferencia 3. *A auga como recurso enerxético.*

Xoán Ramón Doldán García.

Departamento de Economía Aplicada.
Universidade de Santiago.

Serán. Biblioteca Municipal de Melide.

20:00 h. Proxección da película *Erin Brocovich*, de Steven Soderbergh.

Noite. Polbeira "A Garnacha".

22:00 h. Cea con música tradicional.

Mércores 10 de Setembro

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide.

10:00 h. Conferencia 4. *A calidade das augas continentais en Galicia.*

Juan M. Antelo Cortizas.

Catedrático do Departamento de Química Física Orgánica e Ambiental.
Universidade de Santiago.

11:45 h. Pausa café.

12:15 h. Conferencia 5. *A impronta da auga na paisaxe: os ríos como modeladores da paisaxe galega.*

Augusto Pérez Alberti.

Catedrático de Xeografía Física, Departamento de Xeografía.
Universidade de Santiago.

14:15 h. Xantar no IES Melide.

Tarde. Instalacións do IES Melide.

16:00 h. Obradoiro. *Cartografía e Fotointerpretación.*

Ramón Blanco Chao.

Departamento de Xeografía.
Universidade de Santiago.

Serán. Praza do Convento.

20:00 h. Xogos tradicionais.

Noite. Restaurante "Chiquitín".

22:00 h. Cea oficial das VI Xornadas de Ciencia e Territorio.

Xoves 11 de Setembro

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide.

9:30 h. Conferencia 6. *Os ríos na Galicia romana.*

Xosé Manuel Caamaño Gesto.

Departamento de Historia I.
Universidade de Santiago.

10:45 h. Conferencia 7. *A auga como recurso termal: unha perspectiva desde a Xeoloxía.*

José Ramón Seara Valero.

Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
Universidade de Vigo.

11:45 h. Pausa café.

12:15 h. Presentación de experiencias didácticas sobre a auga. A intención de presentar experiencias debe ser comunicada á organización antes do 30 de xullo de 2008.

14:15 h. Xantar no IES Melide.

Tarde. Biblioteca Municipal de Melide.

16:00 h. Presentación de experiencias didácticas sobre a auga.

17:00 h. Conferencia 8. *Aspectos simbólicos e rituais da auga en Galicia.*

Xosé Manuel Vázquez Varela.

Catedrático de Prehistoria, Departamento de Historia I.
Universidade de Santiago.

18:30 h. Conclusións das VI Xornadas Ciencia e Territorio.

19:00 h. Clausura oficial.

19:30 h. Remate das VI Xornadas Ciencia e Territorio.